

Ghastas Pista

swing project



Constance Hurlé



Presentación

Ghastas Pista swing project é un proxecto de swing dirixido pola bailarina Constance Hurlé, procurando o diálogo constante entre a música e o baile.

O proxecto conta cunha banda de jazz, chamada Ghastas Pista swing band, cuxos concertos van introducidos por unha aula aberta de lindy hop. Durante a actuación da banda, as profesoras bailarán para o público asistente,

Ghastas Pista nace cos valores da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o cuestionamento dos tradicionais roles de xénero, tanto na música coma no baile. É por iso que a sección rítmica da banda está constituída por dúas mulleres. As dúas bailarinas son mulleres, cuestionando o tradicional home-leader, muller- follower que acostuma imperar nos bailes de sociais e de salón.



Descrición

Ghastas Pista
swing band

O evento estrutúrase do seguinte xeito:

Ofreceráse un obradoiro aberto de iniciación para achegar o baile ao público. A duración do taller será de 45 minutos.

A continuación, haberá unha pinchada de música swing a cargo das profesoras do obradoiro. A duración da pinchada será de aproximadamente 30 minutos.

O concerto dividirase en dúas partes de, aproximadamente, 45 minutos, cunha pausa duns 30 minutos, tendo unha duración total, de, aproximadamente, 2h. Durante o bolo, as bailarinas ofrecerán unha actuación.

Despois do concerto, haberá unha segunda pinchada duns 30 minutos.

Se a entidade contratante requerise máis tempo de pinchada ou concerto, o caché verase incrementado.



Ficha artística

Ghastas Pista
swing band

Constance Hurlé | produtora e bailarina

Yudit Almeida | contrabaixista

Diego Alonso | saxofonista

Javier Pereiro "GDjazz" | trompetista

Andrea González | batería

Wilfried Wilde | guitarrista

Andrea Costa | bailarina



Equipo

CONSTANCE HURLÉ

(Vigo, 1990)
produtora e bailarina
@constance_hurle

Licenciada en filoloxía clásica pola USC, Máster en Investigación en Estudos do Teatro pola Universidade Autónoma de Barcelona. Pasará ao longo da súa vida por diferentes disciplinas e escolas de artes escénicas e danza, destacando a Escola Integral do Creador Escénico Vladimir Tzekov en Granada e A Artística, Vigo. Colaborou coma bailarina no videoclip Charleston dos Alley Stompers (2016) así como no "single" Doce Badaladas, do grupo Além (2021), ademáis da súa participación como modelo na mostra de fotografía What do you see? de Erdie J.(2015). Conforma un dúo poético musical con Rui Grenha. Publica dous poemarios bicmordido (2017, Ed. Carena) e hacialaluz: poesía, sonido, imagen (2019, Ed. La Fábrica de libros). Recentemente foi premiada coa peza Monólogo para corpo en movemento no Festival FIOT (2020) e polo seu microrrelato Manaus polo Concello de Ribadavia, 2020. Dirixe a súa propia compañía de artes vivas como creadora e produtora: Constance Hurlé. Os seus principais proxectos neste momento son: Ghastas Pista swing project, Lara Hierro (teatro contemporáneo), hacialaluz (concerto poético), Visceras Poéticas (performance) e a escritura de Sem grana e sem frescura (novela) dentro do proxecto de Zona C, Compostela.



Ghastas Pista
swing band

Equipo

YUDIT ALMEIDA

(La Habana, 1997)
contrabaixista
@yudit_..

Contrabaixista e compositora cubana licenciada en jazz pola Escola Superior de Música e Arte do Espectáculo, O Porto. Anteriormente licenciouse en música clásica polo Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Gravou dous discos, un como parte do Eixo do Jazz Ensemble (2020), co prestixioso pianista e compositor portugués Mario Laginha e outro coa cantautora Keely Denham en 2019. O seu proxecto actual Canto das Sereias tocou no festival Porta Jazz e no Festival Respect organizado polo Hot Clube de Portugal, con gran aclamación da crítica.

Formou parte de importantes festivais portugueses e galegos (Nigrán Jazz, Canjazz, Guimarães Jazz e Festa do Jazz de Lisboa) con diversas agrupacións, acompañada de grandes nomes do panorama jazzístico. Gañou o segundo premio dos certames: "Jovens Músicos" (PT) e "Piano Meeting" (GAL).



*Ghastas Pista
swing band*

Equipo

DIEGO ALONSO

(Vigo, 1988)
saxofonista
@diegoalonsax

Saxofonista e compositor. Comezou os seus estudos musicais na Escola Municipal de Música de Vigo, nos Conservatorios Profesionais de Vigo e Santiago de Compostela. Formouse en Jazz e Música Moderna na Escola Estudio de Compostela, no SPJ de Pontevedra e na Escola de Música e Artes do Espectáculo do Porto. Asistiu a diferentes masterclasses con Chris Cheek, Seamus Blake, Iago Fernández, Jordi Rossy, Demian Cabaud, Kurt Rosenwinkel e Guillermo Klein, entre outros. Lidera o Diego Alonso 5tet formado por Xan Campos, Virxilio da Silva, Pablo Patiño e Antón Iglesias.

Colabora coa Orquestra Jazz de Matosinhos, Orquestra Galega de Liberación, Alfonso Calvo Septeto, Límbico e outras bandas de música moderna como The Souljacket ou Blackstereo.

É cofundador das asociacións O Eixo do Jazz e O Tambor Colectivo.



Ghastas Pista
swing band

Equipo

JAVIER PEREIRO "GDJAZZ"

(Cangas, 1982)

trompetista

@javigdjazz

Trompetista e compositor multidisciplinar especializado en jazz. Formado principalmente no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra con Abe Rábade e Paco Charlín, ten asistido a multitude de masterclasses e obradoiros en Galicia, Portugal, Euskadi e Nova Iorque con mestres coma Chris Kase, Ambrose Akinmusire, Joe Magnarelli ou Avishai Cohen, rematando os seus estudos ca Licenciatura en Trompeta de Jazz pola Escola Superior de Música e Artes Escénicas do Porto, Portugal, onde recibiu aulas de Joao Moreira, Nuno Ferreira ou Paulo Perfeito. Participou na gravación de máis de 60 discos, e ten traballado cos máis diversos artistas, entre eles Kurt Rosenwinkel, Mark Turner, Guillermo Klein, EJ Strickland, Jack Walrath, Alvin Queen, Benny Green, Josh Ginsburg, Virxilio da Silva, Mike Moreno ou Iago Fernández, entre outro. Abarca dende música sinfónica ata ska, pasando polo folk, o house, reggae, jazz, latin, rock, flamenco, dixieland, manouche, funk, pop, etc, e pasando por escenarios de Nova Iorque, Londres, Viena, Belgrado, Barcelona, Lisboa, etc. Como bandleader grabou o disco "Black May" (FreeCode Jazz Records) e ten gañado varios premios e recoñecementos, destacando o 2º Premio no Concurso Internacional de Grupos de Getxo 2010 ou o 1º Premio no concurso de combos do Festival de Jazz de Lisboa 2011, incluíndo unha Mención de Honra como solista.



Ghastas Pista
swing band

Equipo

ANDREA GONZÁLEZ

(Tomiño, 1993)

batería

@andreagonzlezg

Iníciase na percusión a través da música tradicional galega, e, posteriormente, estuda o grao profesional de percusión clásica no Conservatorio Profesional de Tui e o Conservatorio Profesional Reveriano Soutullo. Paralelamente, inicia os seus estudos de batería no Centro de Música Moderna de Ponteareas. Trasládase a Barcelona onde estuda o grado superior de batería jazz e música moderna no Conservatori Superior de Música do Liceu, onde foi batería titular de formacións como o Gran Ensemble dirixido por Toni Vaquer, durante dous anos consecutivos e a Big Band dirixida por Sergi Vergés. Tocou nas principais sals de jazz e teatros de Galiza e en numerosos festivais internacionais, como o Voll-Damm Festival, Festival de jazz Círculo de Madrid, NigránJazz, Noia Jazz, Festival Internacional de Santa Lucía en México, O son da praza, Festival Música no Claustro, Festival Jazz al Pati en Balaguer, etc. Actualmente, é membro do trío da contrabaixista Giulia Valle, De Cóguiba Trío xunto a Eddie Mejía y Adrià Pinto; do B.A.M trío xunto a Biel Harper e Marc García; KAI, 4tet con Marc Domíguez, Joel García e Marc García; GARA Quartet, formado por músicos galegos no que toca de forma habitual por Galiza, e de Sybille's On Jupiter, banda de indie alternativo de Barcelona.



Ghastas Pista
swing band

Equipo

WILFRIED WILDE

(Mont-de-Marsan, 1988)

guitarrista

@wilfriedwilde

Guitarrista francés residente en Galicia. Desenvólvese principalmente no ámbito do Jazz (Wilfried Wilde Quintet, WIZ, Swing du Monde) e do rock (Loiros). En 2016 publica o seu primeiro traballo discográfico como líder "Oscilenscope" (Fresh Sound New Talent) e ten colaborado en numerosos proxectos a nivel nacional e europeo con músicos como Perico Sambeat, Javier Vercher, Mark Turner, Joris Reloefs, Chris Kase, Reinier Elizarde, Vicent Macián, Paco Charlín, David Virelles, Xan Campos, Ben Street, Demian Cabaud, Iago Fernández, Enrique Oliver, Virxilio da Silva, Jozef Dumoulin, Zé Pedro Coelho ou João Mortágua.



Equipo

ANDREA COSTA

(Vigo, 1993)

bailarina

@desastressnaturales

Andrea é unha entusiasta da música e a arte en xeral. Estudou Belas Artes en Pontevedra (2018) e comezou a bailar pola mesma época, e sempre perseguiu a creatividade no seu baile. Formouse en Swing On Vigo, así como en diferentes festivais nacionais e internacionais e participou en competicións de diferentes bailes relacionados co swing. A día de hoxe continúa explorando o seu baile asistindo a obradoiros e festas de baile social. Traballa por sacar adiante Fuck this studio, un espazo artístico autoxestionado no centro de Vigo no que realizan exposicións, obradoiros e actividades relacionadas coa arte.



Ghastas Pista
swing band

Rider técnico



Contacto

+34 620.56.41.87

distribucion.constancehurle@gmail.com

www.constancehurle.com

📷 /constance_hurle

📘 /constancehurleyruigrenha

📺 Constance Hurlé

distribucion.ghastaspista@gmail.com

📷 /ghastaspistaswingband



